

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01922			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Gómez López, Elisa Sotelo Dios, Patricia Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo primordial desta materia é un achegamento tanto á actividade da tradución audiovisual en si mesma como a todos os aspectos que a rodean e que van influír no traballo do profesional da tradución. Isto será imprescindible para que os futuros tradutores e tradutoras adquiran unha base sólida sobre a que comezar a traballar e para que coñezan polo miúdo e tomen conciencia do factor colectivo desta actividade, primeiro paso para enfrontarse a unha encomenda de tradución audiovisual. Trátase dunha introdución ao campo e á combinación na que se dará unha visión panorámica das principais modalidades e se exporán con maior detimento 2: subtitulación e dobraxe.			

Competencias	
Código	
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C14	Dominio de ferramentas informáticas
C17	Capacidade de tomar decisións
C28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D5	Coñecementos de informática aplicada
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D12	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (inglés e galego) a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	C2 C3 C4	D1 D2 D15 D17 D22
Ter un coñecemento profundo da cultura das dúas linguas de traballo, que repercutirá nunha comprensión óptima dos textos audiovisuais orixinais, factor clave para a realización dunha tradución de calidade.	C2 C8 C28	D6 D15 D17
Analizar correctamente todos os aspectos relativos a cada encargo de tradución audiovisual concreto, para deseñar unha estratexia xeral de traballo apropiada e produtiva.	C8 C9 C17	D6 D7 D12 D15 D16 D22
Analizar o texto orixinal para detectar problemas de tradución ou problemas derivados da modalidade de tradución audiovisual concreta coa que se estea a traballar. Aprender a resolver eses problemas escollendo a solución máis apropiada entre varias e sabendo xustificar a escolla.	C2 C3 C4 C8 C17 C28	D1 D2 D6 D7 D16 D17 D22
Aplicar os coñecementos de informática para aprender a manexar todas as ferramentas que se requiren para certas modalidades de tradución audiovisual.	C14	D5

Contidos

Tema	
1. Introdución á tradución audiovisual (TAV)	1.1. Os medios audiovisuais. 1.2. O texto audiovisual. Características e particularidades. 1.3. A tradución audiovisual (TAV). Definición e modalidades. 1.3.1. Características diferenciais da TAV. 1.3.2. Modalidades principais de TAV. Características e particularidades. - Dobraxe. - Subtitulación.
2. A práctica da TAV	2.1. A dobraxe. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais). 2.2. A subtitulación. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais). 2.3. Análise crítica de estudos de caso.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	24	36
Resolución de problemas de forma autónoma	0	48	48
Aprendizaxe baseado en proxectos	0	30	30
Resolución de problemas	33	0	33
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos recollidos no apartado correspondente desta guía. Malia tratarse de sesións maxistrais, cómpre a participación activa do alumnado (resolución de dúbidas, debates abertos, etc.).
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios prácticos de tradución audiovisual, que se expoñerán e corrixirán nas correspondentes sesións prácticas presenciais.

Aprendizaxe baseado en proxectos	Preparación de dúas encomendas, unha por cada modalidade básica (dobraxe e subtitulación). Poden facerse de xeito individual ou colectivo, previa consulta coa profesora. Adoptarán as seguintes formas: - SUBTITULACIÓN: Realización de 40 subtítulos e xustificación (se o alumno/a o considera pertinente) das decisións de tradución. O alumno escollerá o material de traballo e consultará coa profesora a súa pertinencia antes de emprender a tarefa. - DOBRAXE: Análise crítica dunha tradución para dobraxe xa existente (15-20 minutos mínimo ou o que o alumno/a estime oportuno para dar conta de problemas/solucións de tradución tomadas). O alumnado deberá demostrar que adquiriu as técnicas necesarias para levar a cabo con éxito unha tradución audiovisual, sexa para dobraxe ou para subtitulación e que dispón das ferramentas analíticas mínimas para facer unha análise crítica ou para explicar as súas decisións de tradución.
Resolución de problemas	Sesións prácticas que se desenvolverán a modo de obradoiros de comentario e tradución en equipo a partir das propostas individuais (previamente preparadas) de cada alumno ou alumna. O alumnado deberá demostrar que conta cunhas destrezas básicas á hora de acometer unha tradución audiovisual e, así mesmo, que interiorizou os conceptos básicos expostos nas sesións teóricas. Estas sesións terán lugar na aula habitual e na biblioteca cando o traballo en equipo e a consulta de material bibliográfico (revistas especializadas) así o requira. Neste caso, estarán titorizados en tempo real dende faitic pola profesora.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A profersora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.
Resolución de problemas	A profersora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profersora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.
Aprendizaxe baseado en proxectos	A profersora estará a disposición do alumnado tanto na clase como en titorías (presenciais ou online) para solucionar dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Aprendizaxe baseado en proxectos	Dúas encomendas de tradución (vid. metodoloxía docente), unha de subtitulaxe e outra de dobraxe. As datas de entrega fixaranse na clase e publicaranse en Faitic, atendendo o calendario e procurando unha distribución racional da carga de traballo.	60	C2 C3 C4 C8 C9 C14 C17	D1 D5 D6 D7 D12 D22
Resolución de problemas	Encomendas de dobraxe e subtitulaxe que serán entregadas presencialmente ou a través de Faitic.	20	C2 C3 C4 C8 C9 C14 C17	D1 D5 D6 D7 D22
Exame de preguntas obxectivas	Proba de resposta curta ou media dos contidos teóricos da materia. Constará dunha parte teórica (non se poderá usar ningún material).	20		

Outros comentarios sobre a Avaliación

****PODERANSE DESCONTAR ATA 2 PUNTOS POR FALTA DE ORTOGRAFÍA EN CALQUERA DAS PROBAS DE AVALIACIÓN ESPECIFICADAS ARRIBA.**

PRIMEiRA EDICIÓN DE ACTAS:

Dous sistema de avaliación:

1 Presencial e avaliación continua (as probas e porcentaxes de avaliación son os arriba indicados: exame presencial (60%) de teoría e tradución (dobraxe e subtitulaxe) e 2 encomendas (40%) a través de Faitic (dobraxe e subtitulaxe). **As datas das probas serán fixadas pola docente ao longo do curso e publicadas en Faitic.**

No caso da avaliación continua, a asistencia non é obrigatoria, pero a docente poderá establecer outros sistemas de control da participación do estudantado (traballos de curso con prazos en Faitic, etc).

2 Non presencial e avaliación única: exame de teoría (30%) e práctica (70%: dobraxe --35%-- e subtitulaxe --35%--)

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):

O/A alumno/a que siga o sistema de avaliación continua e non acade a nota mínima presentarase en xullo ás partes non superadas na data indicada no elcalendario de exames. As partes aprobadas gardaranse unicamente ata a convocatoria de xullo.

Os/as alumnos/as que sigan a avaliación única e non superen a materia na primeira edición de actas presentaranse á proba fixada no calendario de exames, que terá as mesmas partes e condicións que o exame de avaliación única de maio.

Todas as probas realizaranse na lingua termo da combinación da materia.

Respecto á avaliación, se se detecta plaxio (total ou parcial), a cualificación será 0.

É responsabilidade do/da alumno/a consultar os materiais e novidades a través da plataforma de teledocencia FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

**Esta materia NON se recomenda para ALUMNADO ERASMUS.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Chaume, Frederic, **Cine y traducción**, Cátedra, 2004

Díaz Cintas, Jorge, **Teoría y práctica de la subtitulación**, Ariel, 2003

Bibliografía Complementaria

A bibliografía completarase na aula,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Na metodoloxía non presencial, cómpre indicar que se manteñen as metodoloxías da presencial, é dicir, contidos, avaliación e titorías coa salvidade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

Tanto nas versións mixta coma non presencial, nas probas avaliativas non presenciais, esixirase que o estudantado acenda cámara e micrófono dos seus equipos informáticos así como que asine unha declaración xurada de autoría propia (para asegurar que non hai plaxio). A identificación mediante DNI escaneado ou fotografado (enviado por correo electrónico á docente no momento da proba avaliativa) será obrigatoria para poder acceder á mesma. As sesións de probas non presenciais serán gravadas.